

día das letras galegas 2006

QUIERON o outro día, á tia Pepa,
unha carta d'a Habana;

exen d'o Carmelo cantos disparates!

De que morrera o fillo, o seu Pepiño
susten d'a prole na desconhecida.

Morreulle ó fillo, e aí se cullin
a quen tanto ela amara,

laeca estala que nunrista cea...

mo verso e canto asombrante
Sr. L. U. que dirá tal vez que por moito par

a e mal a

Dando a OPEDE unha nai que chora
nin que a nai que; cando ela agacha

tristes presentimentos
de quelle vai pasar unha disgracia

e ten un fillo ausente
fora d'o fogar, lonxe d'a patria;

COMPADECELA, si; qu' é mui sabido
d'os corazóns d'as nais na

ten verdadeiramente
que vosté non na

ra como manda
a nai que chor

re Sr. L. U. Gai
er poeta, non b

Pro [perdónem
nte trabucad

ou que no
an de pasa

os coa chench
usados xa d'a
nos á d'as real
prende!

qu' habendo duas presonas n'a cucina
O crego vése e non se vé a veciña.....

Non che parés pol-o que levo dito
(e perdoo s' hai erro n' este escrito,

qu' o crego do crego de Listado
pode servir de... é pra un bacalao

LIBERTY C. FREIRE

QUE DURA A LUTA DE MIA

Eu como con... dos anos casouse n' indi-

vido, que tal vez non o conocean vostedes, chamado

Marcelo que sei eu cantos, pois non m'acardo d'o

seu apelido; y a crer ó que decote ripite Frorin-

da, a'sua muller, aínda lles dura á eles á lua de

mel, manténdose en tal conceto entrambos como

se foran dous ruliños.

Sen que trat'en de desmentila, pois non seria

bou, limitaraime á consinar con toda verdá al-

gus pasaxes d'a vida d'os susodichos casados,

e vostedes sacaran d'eles o qu'o seu entendemen-

to lles dite.

Hay qu'adevertir, desde logo, que éste é un

patrimonio probe; que n'a casa non hay mais

riados que unha rapaza de oito anos, qu'a nai a

uxo ali pra que a enseñen; e que Marcelo, pol-o

tanto, fai de todo ó que hai que facer, pois é bon,

enci bon, e quere moito á Frorinda, quen, pra

non darlle o mais pequeno disgusto, deixase que-

rr; pro d'unha maneira tal, que Marce'o ten

qu'estar sempre ideando o modo de darlle novas

provas de cariño e de facerlle outros tantos aga-

sallos, posto que cada día ten que quere'a baix'un

aspeuto distinto y en mayor esca'eira que a qui-

xo antes.

Tamen teño qu'adevertir que teñen un neno de

seis meses, qu' é o primeiro fillo, d'o que Marcelo

eo manexador, principalmente pol-a uoite, pois

á criada e tan pequena que non pode con Míaqui-

ños que xapasa a ela n'is, que tamén coe a porta

ela nin á tres firo, n'ha vez qu' plega a olo.

Cou estos antecedentes, se poderían vostedes ir

vendo si será bon home o que se orga de manexa-

rada á face'-o lume, á ferver á leite, á barrer y a

mais s'ofrece; non facendo tamen ó almor-

que lles guisa fora por ben pouca cousa,

ta pra supoñer qué tal será o conto.

tanto, Frorinda, iniciada n' un orga é

goza ás suas ancha, que sendo moi

'as oito, h'ra en qu' despartando ó

porta á ela cos seus reñtidos berros.

sin embargo, d'elto, sinon que

elo, pra que o colla, si él non ven xa

thoros o pequeno, acaso por que

está pra ferver á leite porta o lu-

e sepa a se d'elto. Cando o

ó fillo d'elto, e l' canta y o

'as mans, logo le pon á mana-

a botella con un teto de goma,

éstas, disfruta d'ese pracer de

disfrutar con consiente, en sin-



Manuel
Lugrís
Freire

Lugrís, Lugrís, Lugrís

HENRIQUE RABUÑAL

■ É de absoluta xustiza a homenaxe que este ano 2006 o país enteiro tece para difundir a valía, o pensamento, a obra e a entrega a Galiza de Manuel Lugrís Freire. Ninguén coma el simboliza a evolución do galeguismo desde o rexionalismo ao nacionalismo.

Unha evolución que podemos seguir na súa traxectoria pública pero que tamén podemos escrutar na súa multixenérica e valiosa obra escrita.

Desde a poesía ao teatro, desde a oratoria ao traballo académico, desde a narrativa á conferencia, desde o conto ao intenso labor xornalístico, Manuel Lugrís Freire consagrouse en corpo e alma a ofrecernos a súa visión do mundo e empurrou coma poucos para que a nosa cultura tivese un futuro, o futuro que hoxe todos escribimos e disfrutamos.

Manuel Lugrís foi tamén un home da Coruña e da súa contorna, un galáctico daquela galaxia tan soñadora e tan previsora que foi a Cova Céltica, un home criado polas máis sobranceiras figuras da súa hora: Pondal, Curros, Murguía e tantos outros.

E entre estes nomes ilustres, o noso Manuel fíxose un lugar entre os pioneiros e entre os primeiros. Fundando publicacións monolingües cando non se estilaban, promovendo organizacións propias como a Academia Galega, sendo dos primeiros en falar en público en galego, facendo posíbel un teatro galego e en galego, escribindo unha gramática que acompañase a revitalización do idioma, traballando na Compañía de Augas para que A Coruña fose unha cidade moderna, participando na defensa do Estatuto do 36 e no ideario republicano e creando unha saga sublime á que pertence o excepcional artista Urbano Lugrís.

Levamos case vinte anos seguíndolle a pegada a Lugrís.

Hai tres anos celebramos na Coruña o centenario da Escola de Declamación da que foi Presidente e coa que presentou as súas obras teatrais A ponte, Minia e Mareiras.

No ano 90 celebramos, por iniciativa de O Facho e tamén na Coruña, o 50 aniversario do seu pasamento, acontecido logo dos anos dramáticos da guerra que el viviu cun fillo en cada bando, can-

Entre eses
nomes ilustres,
Lugrís fíxose
un lugar entre
os pioneiros

Manuel Lugrís
foi tamén un
home da
Coruña e da
súa contorna

A mellor
homenaxe que
podemos facerlle
é falar a lingua
que tanto amou

do todos os soños estaban verdadeiramente asolagados.

E hoxe, cando a Academia Galega cumpre o seu centenario de existencia, evocamos a este home nacido en Sada, escribán en Oleiros, que traballa catorce horas diarias en Cuba, que militou en todos os salóns do galeguismo, que foi o autor bandeira e estrela do noso teatro, que presidiu a Academia Galega e que hoxe é unha honra para todos os galegos e galegas bons e xenerosos.

Sen embargo, a mellor homenaxe que podemos facerlle a Manuel Lugrís Freire este e os anos vindeiros é falar a lingua que tanto amou, falala e escribila e cantala, e literaturizala, e levala ao teatro e ao cinema, á publicidade e a todos os ámbitos da nosa vida pública pero tamén privada. Eis a homenaxe pendente e imprescindible.



✦ Lugrís plantou fitos en todos os eidos do galeguismo e da cultura galega, dentro e fora da Galiza

O verbo

No tempo en que Zoroastro recibía no ceo do deus Ormuzd “a palabra de vida”-seis mil anos dinantes do nacemento de Noso Señor Xesucristo-, había unha comarca fermosa e farturenta, nomeada Anthorque, que lindaba coas augas do mar Caspio. En ningures, non sendo no occidente de Iberia, podía hacharse terra máis deleitosa.

As saudades palas eidos nativos comenzaron a xurdir nas almas dos anthorqueses, que vagaban polo paradiso dos persas.

-Senor -dixéronlle unha vez a Ormuzd-, o ceo que nos donáchedes non pode ser mellor; mais nós temos lembranzas feridoras pala doce e doada terra de Anthorque. ¿Por qué, oh deus,

non nos facedes a mercede de axeitar un curruncho deste ceo de maneira que teña os arboredos vizosos, as campinas ridentes, as augas espellantes e quedas daquelas meigas terras nas que quedaron os nosos corpos mortás? E Ormuzd viu que aquela era bo. Mandóu chamar ao arquitecto celeste, e fixo un ceo aparte para os anthorqueses.

-Oh, meus deus Ormuzd -díxolle o porteiro maior-; podente é a vosa vontade, que comprida será. Mais polo que toca a min, terá! unha grave dificultade. Como ese lugar é tan feitiçeiro, todas as almas que entren no ceo cobizaránno. De qué xeito hei de componerme para que non entren nel máis que as almas dos

anthorqueses?

E Ormuzd respondéulle:

-Unha sinal divina tenen as almas: o verbo, palabra de vida e de actividade que eistiría antes da auga, do ceo, da terra e de todos os animás. El distingue ás criaturas. Quen non fale o anthorqués non entrará no seu paradiso. Quedóu convencido o porteiro. Un día petaron na porta do ceo ...

-Quén chama?

-Un anthorqués que quer entrar na parte do ceo que lle corresponde.

-Ti non és anthorqués, porque falas o zendo.

-Eu son nado en Anthorque.

-Pois fala entón na túa lingua.

-A non adeprendin, porque era fala de sudras.

-Pois daquela non entrarás. A sinal divina do verbo nativo non brila no teu espírito.

-¿E a dónde teño de ir entón?

-Ao inferno, que no ceo non poden ser admitidos os desleigados que faltan á lei de Ormuzd. Labregos e traballadores, considerados na antiga Persia coma caste inferior

Manuel Lugrís Freire, Contos de Asieumedre, 1909. (recollido na Colección “O Moucho” baixo o título xeral de “A Carón do Lar” que era o que tiña orixinalmente as edición no xornal A Nosa Terra, e que foron editados en 1970)

Manuel Lugrís Freire

